

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

Redacción e Adeministración

Rúa Real, 36 - 1.º

A CRUÑA

Precios de Suscripción

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano
6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO XI



1.º de Santos de 1927



Núm. 242

AO DECORREL-OS DIAS

O tema que hoxe imos tratar é para nós d'unha fonda satisfacción e orgulo e por eso collemos a pruma con ledicia grande. Permítasenos que xa que de cote adicámonos aos demais falemos hoxe de nós mesmos anque non sexa mais que por unha soia vegada.

O 14 de Novembro do ano 1916 saeu á lús o primeiro número de A NOSA TERRA. Vai facer agora 11 anos. Once anos sin unha claudicación, sin o mais pequeno titubeo. Ollando sempre ao lonxe e sostendo con tesón patriótico, pes'a todo e ás mudanzas dos tempos, *A bandeira ergueita* que apareceu na primeira páxina do primeiro número. Andiveron os tempos trocados moitas vegadas, aínda agora, sopraron ventos de todas crás e a bandeira, a nosa bandeira tremoladora d'un outo ideal de patriotismo e rendenzón, frameou sempre rexa e valente sostida e venerada pol'os patriotas que comulgamos no sagro pensamento da Boa Causa. Nada nin ninguén, aínda valéndose dos meios mais ruins, conqueriu mancillar o máis mínimo a xurdia pureza do Ideal que ao aparecer n-aquela data ante os ollos de todos de xeito craro e termiñante continuou todo ese tempo dando mostras de vitalidade grande e percorrendo o camiño sinalado ao comenzo como ruta que leva ao final arelado.

Ahi están 242 números pregoando barudamente a nosa constancia e amostrando todos e cada un a rexa e firme vontade, que constituie o noso maior orgulo, de manter sempre aceso o lume benfeitor da fé e da pureza na idea como nos feitos. Unha colección de A NOSA TERRA siñifica hoxe

a demostración do que val o esforzo dos homes que levan enraizado na alma un ideal xeneroso e tamén un compendio real e vivo da historia do rexurdimiento de Galicia no seu degoro de chegar aos tempos que os bardos anunciaran.

Tan grande e tan xurdio é o amor que temos nós pol-o noso Idearium, en cuías páxinas imos constantemente depositando os latexos do noso corazón e os froitos do noso pensamento, que cada novo número, un novo irmanciño, acollémol-o con unha ledicia que as verbas non poden expresar e percorrémol-o cos nosos ollos arelantes unha e outra vegada esculcando n'el anacos da nosa propia alma que sempre van ofrendados â Terra Nai na arela que nos fai alentar de traballar pol-o seu froecimento integral. E vivimos pensando de cote en él porque sabemos canto él veu facendo e fai por enraizar nos demais as verdadeiras ansias da Nai Galicia.

Comparando o panoramâ que o pobo galego presentaba no ano 16 co que nos amosra na actualidade salta aos ollos a enorme diferenca e vese axiña como il porgresou en todol-os aspectos e encol de todo no mais intresante que é o de reintegrarse ao seu propio ser e propulsar o seu sentimento vital de pobo e de raza intresándose pol-os seus probremas espirituás e materiás n'unhá cobiza patriótica de progreso e milloramento. Moito foi o adiantado. Hoxe hai mais amor, mais intrés pol-as nosas cousas, estudanse os nosos probremas con maior entusiasmo, úsase con mais cariño o propio idioma, lénse con devoción os escritos galegos i-en fin óllase no ambiente un estado de opinión fondamente favorable ao rumbo que Galicia tomou n'estes once anos derradeiros. N'un prano superior e mais firme os convencidos engrosaron a lexión galeguista que deu comenzo e segufu traballando pol-a galeguización do noso pobo.

Non é o noso outimismo o que nos fai ollar así as cousas, porque nós xá sabemos que aínda queda moito que andar e que facer senón a realidade co'a sua forza abrumadora.

E A NOSA TERRA n'ésta boa obra ten unha intervención enorme e benfeitora.

Por eso non é de extranar que hoxe atopémonos ateigados d'unha ledicia e satisfacción que a nosa sinceiridade fainos traer a esta páxina n'un entusiasmo ben comprensible e perdoable por parte de quenes teñen tamén o seu papel n'esta obra pol-a axuda que nos prestaron de cote e que dende o fondo da alma agradecemos e pidimos continúe hasta que poidamos ollar â nosa patria no estado feliz que todos arelamos e ela necesita.

TERRA A NOSA!

NA LAMA DOS ORIXES

Unha lama no senso creador, d'homildoso vivir inicéatico, torrón e auga onde s'axitan formas inda cheas de medo, mais ó tempo arelantes de pórvir. O medo do silenzo xeolóxico, a espranza dos insospeitados desenrolos que lles garda a vida. Na lama escura, acougo de sementeiras do Exipto naceron, com'os sabeos papírus e os saudosos lotus, as primeiras vilas do abrente hestórico inda molladas de caos, rexidas por Reis - Sacerdotes. Cedo o grande sol enxoitóu a prodixiosa arquitectura das pedras duras dispostas sobr'os fondos dos desertos, dos ceos, e do correr do tempo e do Nilo. O miragre téñese feito xa algunhas vegadas na hestorea do Exipto coma si o seu chan non perdera endexamais a forza xerminial. N'isto ó igoal que n'outras moitas cousas, o vello mundo sigue sendo terra nova. Millor qu'as que teñen aforado o tídeo na retóreca corrente.

A capacidade criadora do Exipto intercábase con longos sigros dormiñentos e pasivos. O barbeito de razas e de paixóns tamén meteoriza, ó igoal do barbeito dos agros. Spengler escolmou a verba *fellah* pra sinalar un instante na evoluceón — derradeira, cansa, sentenciada — das civilizacións. Trabucamento de pensador desmasiado oucidental, soilo atento ó xogo das enerxías superficiás. Bonaparte atopou ó Exipto morto e prestoulle nova vida. Outro tópico. ¿Cándo a yalma exipcia deixou de ser ela mesma, unha individoalidade incomparabre, capaz d'abondo pra xogar unha función esencial na hestorea?

Todal'as terras donas d'unha capacidade pra vivvir de seu impoñense mainamente ós conqueridores e os extranxeiros. Ise Cairo, a primeira cidade africana, o miolo espirtoal do Islam, non é árabe, nin ingles, nin caravanserail de turismo e arqueoloxía internacional: sinxelamente exipcia. Ó igoal do Nilo, a raiz mais longa e sugadora do vello

mundo. O Islam gardou o espírito nacional com'a neve garda o futuro das sementeiras. A arqueoloxía inxertou nas xeneracións novas todo un pasado úneco no mundo. O turismo, a diplomacia, a mecánica oucidental presentou as ventaxes aproveitabres d'unha civilizeón c'a que é precisa contar mais sin chegar a entregarlle aquil inmorredoiro espírito que anima por baixo das mudanzas dos tempos ós grandes seres vivos que son os pobos.

Fai poucos días que morreu Zagloul Pachá; na groriosa costelación de xefes nacionais que son honra do noso tempo, figura entr'os primeiros pol'a calada enerxía, o fondo sentimento patrióteco servido por admirabre senso políteco da realidade sen esquencer un instante os camiños do futuro. A sua faciana de peisano vello e agudo xuntaba rasgos de fellah acostumado ós traballos da terra, e rasgos finos, sensetivos, malenconecos, dos qu'ollamos na escultura dos grandes tempos faraonecos. A sua voce era escoitada nas casoupas, nas fábricas, nas universidás, temida en Ingraterria, apreciada por todol'os xefes conscentes do mundo, musulmán. Coptos e musulmáns recoñecérono por xefe. A sua loita foi xurdia e dirixida contra dous poderosos elementos: Ingraterria e a aristocracia de orixen turco e caucásico que se fixou poderosamente no val do Nilo dende a época de Mehemet Alí. Iste xenial cilicio fixo moito por Exipto; mais materialmente, en déspota que non sinte a terra, e calca con pés de dono o humus peisano cerne do país. Zagloul, patriota servido pol'a longa esperiencia das razas asoballadas, soupo aproveitar cando lle conviña a forza intransixente da universidade musulmán de El-Azhar. Logo deixouna com'un morto peso d'outro tempo, e dirixiu as masas obreiras. Orgaizou boycottaxes, folgas, movementos apaixonados, mais como bô pa-

triotra non escoitou a chamada do Kremlin soviético. Parés que d'ista poderosa forza soilo quixo adprender a técnica do combate. No seu tempo os turistas extranxeiros do grande Hotel Mena-House, ben sabían que no Exipto gobernaban tres poderes; un decorativo, o rei Fuad, e dous vidadeiros loitando con difrentes forzas; a Residencia dispoñendo dos recursos do Impero Británico e Zagloul dono da Casa do Coro, dos peisanos e da mocidade. E na Residencia gobernaba un dos mais grandes polítecicos ingleses, o mozo lord George Lloyd. Dende Lord Cromer non tivo Inglaterra millor servidor no Nilo; un celta esprimentado no estudo da Asia e do mundo musulmán, e axudado polo colonel Lavrence. George Lloyd procurou a colaboración dos pachás turcos. Mais aixiña se convenceu do isolamento en que vive Inglaterra no Exipto coma na India. Cando chegou pra sesión de apertura do Parlamento, foi apoupado nas rúas. Mandou chamar a Zagloul no seu despacho e púxolle diante o seguinte dilema: sumiseón a Inglaterra ou morte do Exipto. ¡Quén poidera escoitar a terrible conversa! Pois o Exipto pódese matar coma se mata un ser vivo. Abondalle a Inglaterra con intensificar os régos do Sudan en perxudicio dos de Exipto. Dende 1882 (data da ocupación inglesa) a loita está n'iste tarreo. Mais o fellah conta c'o tempo. «Algús anos mais ou menos non fan rén na vida d'un pobo» acostumaba a dicir Zagloul Pachá. O xefe nazionalista cedeu. Hastra finxiu colaborar c'a Residencia. Sofriu unha crisis d'impopularidade. Os cubanos na loita con Hespaña non dubidaron en arroinar as riquezas da súa illa. O caso é difrente. O renunzamento de Zagloul (un momento soilo) foi mais heróico que un berrro alporizado de rebeldía. Diant'a ameaza do deserto o xefe nazionalista e peisano, soupo calar.

Zagloul morreu cheo de fé na sorte da súa patrea. A fe do espírito inmorradoiro da terra que ten vencida a batalla do porvir.

RAMÓN OTERO PEDRAYO.

Lea vostede NÓS

O CAÑÓN DE PAU

Na Ponte de Sampaio

*N-unha illa que foi niño
antr'as escumas do mar,
naceu, pr'azoute d'os povos,
un aguiúcho imperial.*

*Creceu, e cando xa puido
fora do niño voar,
n'un pulo chegou á Exito,
onde a milenaria paz
d'as tumbas d'os Fardóns,
quixo c-os cañóns turbar.*

*Logo, pol-a Europa adiante,
voou, e nunca detrás
de st deixou outra cousa
que vencidos. Cando xa
cravara as suas gadoupas
na Italia, na Austria e mais
na Alemania, antr'outros povos,
ollou un día pr'acá,
viu iste anaco de terra,
meiga com'outra non hai,
e n-ela as sangrentas garras
tamén pretendeu chantar.
¡Cóna se nos, tan cativos,
tan malpocados e tan
probiños, fôsemos-cousa
moi fácel de domeñar!*

*Ben cara custoulle a proba,
porque eiquí, lixada está
inda esta ponte, co sangue
d'aquela águia imperial.*

*Eiquí, pra crebarlle as das
qu'asombrada viu voar
por entriba d'ela Europa,
abondoulle ós nosos pais,
c-un migallo de carraxe
e mais c-un cañón de pau.*

AVELINO RODRÍGUEZ ELÍAS.

VICENTE RISCO

ABOGADO

SANTO DOMINGO, 47 2.º OURENSE

En Ribadeo

Unha biblioteca circulante

Temos recibido unha circular dirixida a todol-os ribadenses e firmada por varios intelectuás d'aquela vila, algúns amigos nosos, invitando a todol-os fillos de Ribadeo a contribuir para a constitución d'unha biblioteca circulante. N'ela esprican os firmantes o propósito que os anima que non pode ser mais dinso de aprauso e axuda. Desenrotar o cultivo da leitura entr-as crases populares do xeito mais facedeiro e doado donándolles medios de ilustración e cultura.

Todo canto n-este senso se faga en Galicia debe atopar boa acollida en todos e constitúe unha obriga o axudalo de todol-os xeitos. É unha labor meritoria e necesaria e que facilmente pódese chegar a creala conque cada un contribuía como poida. Con cartos ou con libros. Pouco esforzo hai que facer e a finalidade non pode ser mais meritoria e patriótica. A ilustración e a cultura debidamente fomentadas que son a base primordial do adianto e da civilización dos pobos.

Arelamos para os organizadores de tan simpático labor un eisito grande que faga sexa axiña un feito e desexamos que cunda o exemplo en Galicia para ben d'ela e para suprir cos nosos medios o abandono en que nos tén quen debora por obriga facer esta crás de labores.

Espellos

Traducimos de «La Veu de Catalunya» uns anacos d'unha conversa que un redaitor do gran xornal catalán tivo co ilustre literato e pintor Santiago Rusiñol:

«Falan da Festa do libro.

Parece ser que se venderon moitos libros seus.

Moitos. Na librería de Antón López onte á tarde tiñanse vendido mais de cinco centos libros. Non crein que poñer firmas dera tanto traballo. Puxen mais firmas n'unhas horas que un xerente d'un banco n'unha semán.

¿Que libro foi o que mais se vendeu?

En primeiro termo e con unha notabre difrencia «El catalá de la Manxa». Despois «La mare», «La niña gorda» e total'as novelas por un igual. As novelas catalanas vendéronse moi ben.

Así que está satisfeito da festa do libro.

Moito e ademais produciame certa ledicia eso de firmar os meus libros como si foran paisaxes.

Falan despois das obras que prepara Rusiñol que son varias teatrás e dous libros, un d'eles titulado «Máximas e malos pensamentos» que vai saír axiña. Dicelle ao redaitor da «Veu» algúns dos pensamentos que pol-a cantidade de fino humorismo e admirabre conceición que encerran non podemos deixar de transcribir.

Din así:

«As mulleres falan e despois pensan o que dixeron».

«Non hai ningún drama tan emocionante como a lectura d'un testamento. E eso que o protagonista non está diante».

«O andar en auto e perigoso pero non o é menos o andar a pé. Por cada un que morre dos que corren, morren a centos dos que camiñan».

A través da interesante conversa revelase antre os conversadores unha gran preocupación e cariño realmente admirabre e exemplar pol-a literatura catalana.

A nós éstas cousas producennos un fondo sentimento de envexa e de tristura polo contraste que ofrecen c'a situación galega n'este aspeito.

Este número foi revisado pol-a censura

Mes de Santos

Mes de Santos e difuntos. Mes de lembranzas para os que foron e ocuparon no noso corazón posto de cariño e amor. Saudades infindas pol-o valeiro que en nós deixaron. Lembranzas inmorrentes e veneración fonda pol-a obra que en vida nos legaron en herdo.

O galeguismo, a santa relixión do rexurdimento da Terra, ten tamén o seu santoral e recordos para os que ocupan os altares, humildes e sinxelos, que cada un de nós temos ergueito na eirexa, na Catedral do noso corazón.

Así ten que ser en todo ideal e o noso é dos ideás que mais razón e fundamento teñen de existencia. Non hai miragres nin sofismas. Ten sacrificios e tamén ten mártires. A través dos anos, dos séculos, a relixión galeguista foi dando santos e mártires en feitos probados, reás e innegabres. Non fai falla a fé para creer n'eles. Abonda o estudo. A fé nosa non é de preterito. A nosa fé é de porvir, fé no trunfo definitivo.

En feitos que alumean con lús esprendorosa a historia da nosa relixión destacan rexamente os héroes e mártires do Medulio, Pardo de Cela e o seu fillo, os irmandiños, os mártires de Carral, Osera, Nebra, Narón, Sofán.....

Na nosa intimidade vivirá eternamente como santa do pobo galego a meiga e santa Rosalía. Os apóstoles predicadores da Boa Nova: Murguía, Curros, Pondal, Lamas, Vaamonde, Antolín Faraldo, Alfredo Brañas, a xeneración do pasado século, moitos cuíos nomes e difícil retér, Porteiro, Viqueira. Nos discípulos Carballal, Ignacio Rodríguez, Xurxo Parga e algún mais.

Nomes e feitos que coas razóns e fundamentos intanxibres en que se basa a relixión galeguista sosteñena e sosterana eternamente como algo vivo e necesario para a súa definitiva consagración ateigada de felicidade e de amor para sí e para a Humanidade.

Nós, os continuadores da obra comenzada pol-os nosos pasados, temos a obriga de ter para eles veneración e devoción fonda e despertar nos demais sentimento patriótico que

nos legaron rendindo culto fervoroso á santa relixión do rexurdimento de Galicia. Que así sexa.

VÍCTOR CASAS.

Follas novas

"ESTEBO"



Xosé Lesta Meis

A novela grande en galego vai en aumento. Son poucas, moi poucas, as publicadas até agora mais o terreo abonado concenzadamente pol-as moitas e pequenas, conque está arrequecida a literatura galega, vai dando paseniñamente vizosos froitos.

Agora mesmo a Editorial «NÓS» puxo á venda unha novela de 300 páxinas orixinal do noso bon amigo o gabado escritor Xosé Lesta Meis. Unha novela que si non está encadrada nas actuás formas literarias, cousa da que fuxeu o autor, ten o mérito enorme da sinxeleza, da realidade e encol de todo de ser unha novela netamente galega pol-o asunto e pol-a acción. A nosa vida rural con toda a súa beleza natural sin artificios, cos

seus persoaxes vivos, admirables, levouna Lesta Meis á novela con un argumento que e un anaco vivido a cotío da vida galega da aldea e un xeito de expresión compretamente despido de altos vós literarios pero sí adobado co'a naturalidade real e fermosa do falar dos nosos aldeáns do arredor da capital coruñesa que é onde ten escaerio a novela.

Lesta Meis non fixo mais que transcribir unha páxina do cotidián vivir do noso agro, e darlle forma literaria sin fuxir nunca da realidade e revestil-o cos naturás elementos que éstas empresas requiren.

Ese é o maior mérito de «Estebo» e baixo ese aspecto unicamente hai que xuzgar a obra de Lesta.

Os refinados esculcadores e criticos que buscan nas obras alardes literarios e novas formas anque sexan exóticas sentiráanse defraudados ao lèren «Estebo» mais non así os que ao lèr un libro percuran n'él non a forma nin o ropaxe exterior senón a emoción e a beleza do fondo. E isto é o que ten n'unha cantidade grande a novela de Lesta.

Por ser así é un libro que lèse con un agrado e intrés fondo. Por que hai n'él emoción, beleza natural; realidade e amenidade. «Estebo» é o tipo de novela mais doado para adoitar ás xentes a lèren obras extensas escritas no noso idioma. Isto é o que importa. A seleición virá pol-o seu pé.

Trata Lesta en «Estebo» varios aspectos da vida galega e d'un xeito que demostra o seu fondo coñecemento da emigración a Cuba. Varios capítulos de intrés pol-a exposición que fai do xeito en que describe a vida da maior parte dos nosos emigrados. Hai no fondo de toda a novela unha cantidade formidable de humanismo dino de admiración verdadeira. Ademais recolle aspectos folk-lóricos, costumes e cousas de gran intrés que a vida moderna vai facendo desaparecer.

Por todo o dito, unha síntese do que é a novela, óllase ben o intrés que ten e dende logo nós aseguramos que quen a lea sentirá decontado unha íntima satisfacción por habelo feito.

Cobizamos, porque verdadeiramente o merese, que a edición de «Estebo» agótese rapidamente e compre que con verdadeiro entusiasmo adiquemos ao amigo Lesta unha

sinceira e fervorosa felicitación por tan admirabile obra.

UNHA REITIFICACIÓN

Nun «Peneirando» do derradeiro número protestábase indinados, a cousa non era para menos, contra un acordo da Diputación ourensán de traducir ao hespañol «O catecismo do labrego» de Lamas Carvaxal.

Léramos a noticia en varios xornás galegos e naturalmente nós esculcadores de todo canto ten intrés con Galicia e co'a cultura galega non podíamos pasar o feito sen a nosa protesta. Así foi.

Mais agora un amigo noso de Ourense escribenos acrarándonos a cousa que ao parecer foi froito de un erro de interpretación.

O sucedido foi que a Diputación de Ourense tomou o acordo de ofrendar á viuda do poeta unha nova edición de varias obras de Lamas que están esgotadas. Ao falar d'elo falouse tamén de imprimir novamente «O catecismo do labrego» e duas obras que Lamas fixera en castelán. Discutiuse de si debían ser ou non imprentados e ao fin acordouse en firme imprentar o «Catecismo» pero non as obras casteláns. D'aquí veu o erro pois falouse das duas cousas ao mesmo tempo. Así pois imos a ter axiña reimprentadas todas as obras galegas de Lamas, feito de gran importancia que merese o noso entusiasmo e aprauso.

Consecuentes co'a verdade acramos espontáneamente o sucedido e a censura que antes tivéramos trócase hoxe n'unha sinceira felicitación á Diputación de Ourense por tomar semellante acordo que a honra. Con inmensa ledicia facemos esta rectificación e rogamos perdón para o erro de que tamén nós fomos vítimas.

LEA VOSTEDE
A REVISTA
MENSUAL

N Ó S

BOLETIN DA
CULTURA
GALEGA



Bar, viños puros do Riveiro, café, merendas. Artigos de insuperable pureza e calidade

Prezos únicos aos que non pode chegar ningunha competencia

OLMOS 23, baixo

**Recomendamos aos nosos suscritores este establecimen-
to único na Cruña na seguranza de que atoparán
n-él inmejorable trato, amizade e
calidades exquisitas**

Un discurso de Basilio Alvarez

No Centro de Galicia de Madrid pronunciou un formidabre discurso o 12 de Outono o gran tribuño galego Basilio Alvarez que un día foi esperanza lumiosa da redenzón do agro galego. Tratou o tema «La voluntad gallega en los triunfos de la raza».

Foi un discurso maxistral, aparte da forma na que é reconecido mestre, no fondo do tema tratado e na exaititude e loubanza das manifestacións que fixo encol da raza galega. Por consideralo de gran intrés publicamos traducidos algúns dos párrafos que son estes:

«Non somos un pobo teatral; por eso o noso camiñar está lonxe do espectáculo. Somentes hai na nosa historia feitos sobrios e macizos. Si se excetúa o século XIII que adquire con Xelmirez deslumeamento de tapiz oriental, a vida galega é doce e serena. Nin perde o calor de humanidade nin deixa un momento de manifestarse en combustión intensa.

Descoñecemos as voces de Xesta e cando o Romanceiro quere gañar a calzada leonesa para se perder Bierzo adiante no noso territorio, o seu acento bélico esnaquízase contra os nosos campos de ensoño e rebota nas foudigonadas como un alalá docísimo, como un canto de arrieiro. Poucas vegadas o heroísmo, que é o extraño en centelleos de tolo, pón en col da nosa terra o Zig-zagueo réfulxente; pero entroques abrimos todas as brechas e o que é mais considerabre somos a perpetuidade en todol-os avances.

Prisciliano, o heresiarca galego, mais que un xenio da teoloxía e unha vontade contra todo é contra todos. O Mariscal executado na Frouseira nas cercanías de Mondoñedo non é un caudillo; é a febre d'unha continua rebeldía con escasas mesnadas. Porque a Beltranexa representaba para nós un anaco de romanticismo e a nosa vontade que gusta sempre de estar en exercicio arremeteu contra Isabel la Católica.

Eu deixo esfumarse de bón grado a gloria de Colón galego pero que non me arrebatén

as briosas vontades d'aqueles mariñeiros paisanos nosos que atracaron a carabela dos Pinzons en Baiona de Vigo. Fumos a Flandes e fumos a Italia pero a pruma non se movía gallarda nos nosos chambergos. En troques, sin fanfurria, deixamos correr o sangue que regou xenerosa aquelas terras. Correu o sangue pero os que non corrimos nunca fumos nós. Oficiamos sempre de poder regulador dos destinos da Hespaña. Por venturosa paradoxa, a nosa cachaza, a nosa parsimonia tradicional é tamén unha forza, porque é a vontade preparándose para o impetu e non digo para o asalto porque os galegos nunca fumos salteadores.

Esa medalla do Traballo que acaba de crearse agora debía implantarse encol da raza galega porque nós non somos mais que traballadores. Nin queremos ser outra cousa. O traballo que é a vontade está acotado por nós. Somos tan modestos que no noso panorama espiritual hasta desentonan as chamadas do épico. Cando lord Wellington, maravillado do heroísmo dos nosos soldados, dixo aos demais militares que imitasen aos inimitables galegos, pois cada un millor que él merecía o bastón de Mariscal, atopámonos un pouco abochornados. Se nos figuraba que ese madrigal non iba por nós.

«Pero que non nos rouben a gloria dos nosos canteiros, que eses, si que non teñen rival, nin a dos nosos orfebres nin as das nosas encaixeiras de Camariñas porque entón todos a unha protestaríamos en contra do aldraxe. Nin a gloria dos nosos poetas. ¡Que non nos arrebatén os nosos poetas!

Sentimos mais orgullo porque o galego Pedro Mezonzo escribira a Salve, que si ese home houbera conquistado un mundo. Damos mais inportancia a unha endixa de «Macías o Namorado» que ao acontecemento de armas mais fazañoso. Alegrounos mais a vida do Rei Sabio escribindo en galego que si houbese cinguido ao seu trono o resto de Europa. Artistas por riba de todo cando o traballo ten un repouso rompemos a cantar

para que un sopro de romanticismo poña encol das nosas frentes o seu airón lumioso. E o campo que en exposición de lirismo ofrecenos a fervenza das suas armonías.

Por eso non quita para que cando é perciso dependuremos aos nosos xenios que ximen escondidos nas entranas galegas porque para eso somos o pobo da oportunidade que tan ben cadra á nosa misión reguladora. Así, cando o estilo románico apunta diríase que saen dos nosos pinares artistas asombrosos que salpican co'a gloria das suas obras as estribacións das nosas montañas.

Avanza o Renacemento co'a suntuosidade da súa grandeza e todo Santiago, toda a nosa Compostela, semella o reducto mais forte que ten o Renacemento no mundo. ¡É o Santuario de Compostela o que marca as inque-danzas espirituais do mundo!

Si Xelmirez é o mestre Mateo enchen con opulencia dúas centurias, Colón pontevedrés, descubre outro hemisferio ante o asombro do mundo.

¡Hai cerrazón en Hespaña! O século XVIII é unha noite espantosa pero entón un frade galego o Benedictino Feijoo é a antorcha da Patria.

Pero ¿a que seguir? Si é onte, si é hoxe cando a gloria militar pide ao país todol-os seus arrestos e é Millán Astray e Loriga e e son os irmáns Franco quenes se erguen impávidos a encher con manufidencia esa arela.

Hai dous episodios nos nosos días que o enchen todo. Dúas estampas que todos contempláchedes e onde por elo podeades fixar os seus contornos... ¡América e o Riff! Escotade que n'eses dous augafortes veredes cos vosos ollos como a vontade galega impulsa os trunfos da raza.

Aló, no soñado e remotísimo Novo Mundo non hai mais que americanos e galegos. E advertide como a vontade galega prántase na rasante emigratoria e ausorve hasta o nome de Hespaña.

¡Galicia, somentes Galicia impera!

Como ollaredes pol-o anterior, o discurso foi un canto maxistral ás virtudes e grande-

zas naturás da raza galega. A través dos seus párrafos óllase unha profunda realidade do que somos e fumos os galegos en todol-os tempos e revela en Basilio un profundo coñecemento e incrinación cordial a facer resaltar a nosa grandeza. Para nós tamén como para él teñen mais valor as epopeias silenzosas pero elevadísimas que a cotío fai destacar a vida galega e son os nosos emigrados, románticos por natureza, os que podían escribir con sangue e con traballo unhas páxinas subrímes d'un Romanceiro galego, íntegra e orgullosamente noso. Ten mais valor e realidade para o mundo este noso caraiter que total-as aparatósidades d'outros pobos que se apropiaron trunfos e xestos que non lles corresponden.

Estas virtudes que Basilio Alvarez, amos-tras no seu discurso son as que nós queremos que novamente desperten para outra vegada escribir na historia do mundo páxinas grandiosas e admirables.

A nosa cordialísima embora ao gran tribuno,

PENEIRANDO

Despois do entusiasmo amostrado cando se falou da súa creación fai tempo non voltamos a ouvir nada da constitución do Ateneo cruñés. Fixérase o regramento, listas de socios e hasta coidamos que arrecadáranse cartos.

¿Porque non vai a cousa adiante? ¿E que pason o entusiasmo? ¿Ou é que tamén n'esto coma n'outras cousas depende de «causas alleas a nosa vontade»?

Non sabemos onde un Alcalde que presidía unha becerrada ou tourada baixou ao rúdo n'un alarde de flamenquismo e toureou e matou un dos bichos. Mais tarde lémos que apareceu un novo fenómeno taurino que se chama Calderón de la Barca.

Todo isto nos fai lembrar con pena do exemprar Pedro Crespo, Alcalde de Zalamanca. Ben é verdade que Alcaldes como aquel pasaron xá a historia pero que un toureiro,

chámesse Calderón de la Barca parécenos xa o colmo da adulteración.

En fin, ¿quen sabe aínda o que o futuro nos reserva?

Por certo que en Galicia parece que cunde o flamenquismo, pois hasta no Ferrol celebrouse unha beceirada.

No afán que agora ousérase de trastocalo todo hasta tomárona cos nomes das rúas. Seguindo así non vai un á saber hasta nin onde vive.

Menos mal que o pobo co seu bon senso dino de loubanza chámalle ás cousas como debe chamarlles e esto ten mais poder e forza que cantos oficialismos queiran impoñerse.

Está constituída oficialmente a festa do libro. En Galicia, decímol'o con fonda pena, pasou co'a mais condenabre indiferencia. Nin a pesar da rebaixa que ese día teñen os libros vendéronse mais que de cotío.

Lemos n'un xornal catalán que durante o 7 de Outubro, data oficial da festa, vendéronse nas librerías de Barcelona 150.000 pesetas en libros vendendo a maior parte a «Editorial» Catalonia. Nunha inmensa maioría os libros vendidos foron libros cataláns. O exemplo é grandioso e a causa está no cariño enorme que hai en Cataluña pol-a literatura propia.

Este feito que resulta admirabre faino mais admirabre aínda a indiferencia grande e noxenta que en Galicia hai por estas cousas.

Realmente indíina e abráta ler que falar así pero non hai mais remedio que presentar despidas estas cousas a ver si anque non sexa mais que por vergoña e decoro propio pónselles remedio. Un remedio dino e que nos honre. A indiferencia pol-as cousas

propias é o baldón mais grande que en col de sí pode ter un pobo.

Por si esto fose pouco aínda sabemos d'algún libreiro cruñés que se negou a facer a rebaixa que a Cámara Oficial do libro ten acordado facer n'ese día.

Unha nova vergoña que engadir ás comentadas.

No Congreso cerealista de Valladolid púxose unha vegada mais de manifesto a incompatibilidade de concordia entre os intreses casteláns e galegos. Os trigueiros pertenderon asoballar aos representantes galegos. Aínda menos mal que éstes mantivéronse rexos e tiraron algo, non o necesario, en limpo para Galicia.

Unha nova proba da que nós non precisáhamos para estarmos convencidos. Decáten-se os que non queren convencerse. Os representantes que aló foron merecen, e dámo-las dende logo, as nasas felicitacións.

DENDES D'AMERICA

OS GALEGOS EN BOS AIRES E EN GALICIA

A nosa bataladora revista «Céltiga» quéixase e con razón d'abondo pol'a lentitude para cubrir o diñeiro pra mercar a casa da santiña Rosalia, e o mesmo pasa co'as suscriciós, Pro Libro Galego, e Sanatorio da Lanzada. Non é forza que somentes os de Bos Aires constituian co seu óbolo. De todas as terras hai que axudar. Calcúlase que na capital da Arxentina hai caseque cen mil galegos, pois si o día de Galicia cada un dera un peso, xa estarían finadas as xa famosas suscriciós, e non habería que andar esmolando de sociedade en sociedade.

Eisí, como se fai a «Festa da Frol», cámbéaselle o nome por «Día de Galicia» e esta mesma festa deberase facer en donde haxa galegos, reunindo fondos pra nosa terra.

En Bós Aires hai galegos ben ricos, que un só podría comprar a dita casa sin mermalle casi nada o seu diñeiro, pro os que poden non son galeguistas, por esta mesma idea ha que recurrir a outro sistema, que é a da cooperación xeneral.

Un santanderino ofreceu once milleiros si poñían a universidade nese porto castelán, outro vasco pidiuna pra Bilbao, e daba mais milleiros que o de Santander. Estes si que son verdadeiros nazionalistas.

Hai homes nados en Galicia que son galegos somente cando se fai unha fazaña como a de Franco, e hainos de sentimentos galegos, que son os menos.

A CASA DO ESTUDEANTE PRA SANTIAGO

Co novo proieto pra facer a casa do estudante galego, xa veremos si será a comisión mais afertunada, que foi a do sanatorio ao dirixirse as Américas en busca de diñeiro pra facer a casa. Dirán os da América piden para a casa de Rosalía, pra o sanatorio, pro libro galego, e agora pra casa do estudante, dimpois será pra recompoñer a universidade, e levar as cinzas do poeta X áo seu pobo. Canto millor sería que se fixese coma os catalans que co pagamento d'unha peseta cada mes entrégase a Ensenyança Catalana mensualmente 800.000 pesetas, a maoría dos catalans no estranxeiro pagan unha peseta, a direutiva, fai os repartos, pra cada cousa, escolas, premios, moimentos e así evitanse os fracasos, e a rexión frolece. Fan falla mais homes modernistas, que teñan a franqueza de dirixirse ao pobo encarando este problema, pero vexo que teñen menos interres por progresar os que poden ser beneficiados, e non nós, que nada podemos esperar coa inovación, somentes o orgulo do adianto da nosa terra.

A CASA DA SANTIÑA ROSALÍA

Cavilando que se poidera mercar a casa onde finou a poeta, e mais as que están acaron, xa sean casas ou hortas, faríase d'elas unha gran casa que podría servir pra refuxio dos bós galegos que fixeron na terra méritos pra pasar alí os últimos días, o diñeiro na mesma forma que dí o artículo anterior. O sobrado donde esquirbeu Rosalía, sería a biblioteca.

Así coma Añón finou n'un hospital soio, non voltaría o mesmo caso.

Dimpois dirían agora, si,
Miña casiña, Meu Lar,
Xa que de mozo non tiven,
Agora xa podo folgar.

LINO L. GUERRA.

Valparaíso.

O precedente artigo, d'un bón galego residente en Chile, publicámol-o como demostración de como hai quen tan lonxe sigue con atención e cariño as cousas que en Galicia efectúanse pol-o seu milloramento

Como proba tamén de como hasta aló vai chegando o balbordo das arelas galeguistas e paseniñamente vanse preocupando d'elo os galegos emigrados. A cotío recibimos cartas do xeito da de Lino Guerra. A cousa vai en aumento anque non tanto como debera.

Para nós cada carta que recibimos n'estos termos é unha nova ledicia pol-o fondo patriótico que encerran.

Imp. NÓS, Real, 36-1.º A CRUÑA

PIDA A NÓS REAL, 36 1.º, A CRUÑA
A ROSA DE CEN FOLLAS

Derradeira produción de RAMÓN CABANILLAS